



XV CARREIRA POPULAR DE SANTA UXIA 2012 **CONCELLO DE RIVEIRA**

CAMPIONATO GALEGO DE 10 KM en RUTA 2012

O Concello de Riveira a través da súa Concellería de Deportes organiza o **domingo 16 de setembro de 2012** a partir das 10:30 horas, a **XV edición da Carreira Popular de Santa Uxía** que será a súa vez **Campionato Galego Absoluto e das categorías Junior, Promesa e veteranos de 10 km en Ruta 2012.**

A proba absoluta disputarase sobre unha distancia de **10 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**. As probas levaranse a cabo na localidade de Riveira e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)**. As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega e Atletismo, Delegación en Santiago de Compostela.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION

Para a **XV Carreira Popular de Santa Uxía** as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	Atletas nados no 2008 e posteriores*
PREBENXAMÍN	Atletas nados no 2005, 2006 e 2007*
BENXAMIN	atletas nados no 2003 e 2004
ALEVIN	atletas nados no 2001 e 2002
INFANTIL	atletas nados no 1999 e 2000
CADETE	atletas nados no 1997 e 1998
XUVENIL	atletas nados no 1995 e 1996
JUNIOR	atletas nados no 1993 e 1994
PROMESA	atletas nados no 1990, 1991 e 1992
SENIOR	atletas nados entre 1989 e 1978
VETERANOS A	atletas nados entre 1967 e 1977
VETERANOS B	atletas nados entre 1957 e 1956
VETERANOS C	atletas nados en 1956 e anteriores
VETERANAS A	atletas nadas entre 1967 e 1977
VETERANAS B	atletas nadas en 1966 e anteriores

* As categorías Pitufo e Prebenxamín non son categorías federadas

Para o Campionato Galego de 10 km en ruta tomaranse como referencia as categorías contempladas nos regulamentos da FGA e RFEA para probas en ruta que se publicarán de xeito previo á proba na circular do campionato na web www.atletismogalego.org.

3. DISTANCIAS E HORARIOS

O percorrido da proba absoluta estará homologado pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego e nacional da distancia de **10 km en ruta**. **A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ UBICADA NA ZONA DO MALECON DE RIVEIRA (Paseo marítimo)**.

Na proba absoluta haberá caixóns de saída dependendo das marcas realizadas na distancia (só en circuitos homologados de 10 km) que deberán marcar no momento da inscrición.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
10:30 h	Junior, Promesa, Senior e Veteranos	10 km homologados pola RFEA
11:45 h	Pitufo	300 m aprox
11:50 h	Prebenxamín	500 m aprox
12:00 h	Benxamín e alevín	1500 m aprox
12:15 h	Infantil, cadete e xuvenil	3000 m aprox
13:15 h	<u>ENTREGA DE PREMIOS</u> (AUDITORIO MUNICIPAL)	

4. A ***XV Carreira Popular de Santa Uxía*** estará integrada dentro do ***V Circuito de Carreiras Populares Concello de Riveira*** e contará coa colaboración de *Naútica A Poutada, Coca-Cola, New Balance, A.C.D. "As Miñoteiras"* e organizadores da *Guía, Corgo e Artes*.

5. INSCRICIONS

Os participantes na proba absoluta da ***XV Carreira Popular de Santa Uxía*** poderán realizar a súa inscrición na web www.championchipnorte.com, con data límite o **mércores 12 de setembro ás 22 horas**.

Os atletas con licencia federativa que participen no campionato galego de 10 km en ruta deberán realizar a súa inscrición a través do sistema online da Federación Galega de Atletismo.

Os participantes nas probas do resto de categorías (de pitufo a xuvenil) poderán realizar a súa inscrición na web www.riveira.com con data límite o **mércores 12 setembro ás 22 horas**.

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES (ata xuvenil incluído):** **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA (de junior em adiante):** **3,00 €**

O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina www.championchipnorte.com.

Os atletas con licencia federativa que tomen parte no Campeonato Galego de 10 km en ruta inscritos polo sistema online da Federación Galega de Atletismo NON PODERAN OPTAR OS PREMIOS EN METALICO NIN OS TROFEOS DESIGNADOS PARA AS DIFERENTES CATEGORIAS DA XV CARREIRA POPULAR DE SANTA UXIA. Para poder facelo deberán facer, a maiores da inscrición na web da FGA, a inscrición na carreira popular a través da páxina web www.championchipnorte.com (é dicir, 2 inscricións).

6. PREMIOS

Na **XV Carreira Popular de Santa Uxía** outorgaranse os seguintes premios:

- Medalla ós tres primeiros clasificados de cada categoría establecida no regulamento da Proba agás nas categorías pitufo e prebenxamín.
- Trofeo o/a primeira clasificado/a local da carreira.
- Medallas para todos os participantes das categorías pitufo e prebenxamín.
- Medalla ós tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.

OS TROFEOS NON SERÁN ACUMULATIVOS

PREMIOS EN METALICO DA PROBA	
PROBA ABSOLUTA	
MASCULINA	FEMININA
1º .- 250 €	1ª .- 250 €
2º .- 140 €	2ª .- 140 €
3º .- 100 €	3ª .- 100 €
4º .- 50 €	4ª .- 50 €

HABERÁ DÚAS ENTREGAS DE PREMIOS:

- 1º) PREMIOS DA CARREIRA POPULAR STA UXÍA
- 2º) PREMIOS DO CAMPIONATO GALEGO (DENDE JUNIOR A VETERÁNS)

UNHA VEZ REMATADA A ENTREGA DE TROFEOS DESTA PROBA, PROCEDERASE A DAR OS PREMIOS E TROFEOS DO "V CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES CONCELLO DE RIVEIRA".

7. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS.

Realizarase o día da proba no **AUDITORIO MUNICIPAL**, ó carón do Centro de Saúde ata media hora antes do inicio de cada proba. **O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na zona próxima ó peito e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.**

CONTROL CON CHIP: A proba de adultos estará controlada a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal (agás propietarios de chip amarelo) e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba. **TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA** (agás propietarios de chip amarelo).

8. DESCALIFICACIONES

Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA en vigor referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descalificar a calquer participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

Segundo o **ARTIGO 3.4. DO REGULAMENTO** das competicións autonómicas de Ruta, Pista ou Campo a Través da **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO**: *“Por norma general en estas competiciones no podrán participar atletas extranjeros que no tengan licencia por la Federación Autónoma donde se celebre la competición salvo si se cumple alguno de los siguientes supuestos:*

- ***“En Autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar”.***
- ***“Atletas residentes en la Comunidad Autónoma. Se deberá justificar con permiso de residencia o trabajo”.***

En todos os casos o organizador poderá requirir a documentación necesaria e reterá o premio mentres non sexa presentada.

10. Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no polideportivo municipal de Coroso.
11. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de **30 minutos** despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor.
12. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

www.fgatletismo.es/santiago
www.championchipnorte.com

Concello de Riveira (Concellería de Deportes)
Complexo Deportivo A Fieiteira
Telf: 981 87 36 46
email: deportes@riveira.com